

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 22 DE XULLO DE 2015 POLA QUE SE RESOLVE A CONCESIÓN DO III PREMIO DE CREACIÓN DE MATERIAIS E RECURSOS DOCENTES CON PERSPECTIVA DE XÉNERO DA UNIVERSIDADE DE VIGO ANTONIA FERRÍN MOREIRAS**

De conformidade co establecido na resolución reitoral do 4/02/2015 pola que se convocou o III Premio de creación de materiais e recursos docentes con perspectiva de xénero da Universidade de Vigo ANTONIA FERRÍN MOREIRAS co obxectivo de axudar á introdución da perspectiva de xénero na docencia, de acordo coa acta do xurado nomeado para a súa resolución e en virtude das facultades outorgadas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos desta Universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Conceder os seguintes premios:

**Primeiro premio: «Reconstruíndo o dereito dende unha perspectiva de xénero: materiais para a igualdade»**

**Accesit: «Xénero e sexualidade no mundo: unha viaxe transcultural»**

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a dictou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes citado namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*.

Vigo, 22 de xullo de 2015

O reitor

Salustiano Mato de la Iglesia

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica no taboleiro de anuncios dos rexistros da Universidade de Vigo o vinte e dous de xullo de dous mil quince.

Vigo, 22 de xullo de 2015  
A directora da Unidade de Igualdade

Ana Isabel González Penín

